

Apelidos, nome	Código	Título	Centro	Subvención concedida		
				2002 (euros)	2003 (euros)	Total concedido
POMBAR CAMEÁN, MIGUEL ÁNGEL	PGIDIT02SAN91812	USO DOS DISPOSITIVOS DE IMAXE PORTAL ELECTRÓNICA NA VERIFICACIÓN DOS TRATAMENTOS DE RADIOTERAPIA EXTERNA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS PARA O SEU USO CO SISTEMA DE SIMETRÍA <i>IN VIVO</i> .	COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	7.300,00	3.300,00	10.600,00
REY POUSADA, ROSA	PGIDIT02SAN91619	OBSERVACIÓN DAS EXPECTATIVAS RECÍPROCAS ENTRE OS ACTORES INTERVINIENTES NOS CASOS DE PERSOAS CO TRASTORNOS MENTAIS CRÓNICOS: IMPLEMENTACIÓN DUN MODELO CUALITATIVO	COMPLEXO HOSPITALARIO JUAN CANALEJO	7.700,00		7.700,00
RODEÑO FERREIRA, MARÍA ÁNGELES	PGIDIT02SAN91503	AVALIACIÓN DO CLIMA LABORAL DOS MANDOS INTERMEDIOS DE ENFERMERÍA E PROFESIONAIS DE ENFERMERÍA	C. HOSPITALARIO ARQUITECTO MARCIDE -NOVOA SANTOS	2.100,00		2.100,00
RODRÍGUEZ GÓMEZ, MANUEL	PGIDIT02SAN92309	CARACTERIZACIÓN CLÍNICA E XENÉTICA DE SUBTIPOS DE ARTRITE REUMATOIDE SERONEGATIVA DE COMEZO TARDÍO E A SÚA DIFERENCIACIÓN DA POLIMIALXIA REUMÁTICA	COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE	7.200,00		7.200,00
URIBE ESPINOSA, JOSÉ	PGIDIT02SAN92312	DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO E VALIDACIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN INFORMÁTICA MODULAR PARA VIXILANCIA DE INFECCIÓN NOSOCOMIAL E VIXILANCIA EPIDEMIOLÓXICA HOSPITALARIA (VIXINAI)	COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE	7.300,00	3.300,00	10.600,00
VELA NIETO, DIEGO AMADEO	PGIDIT02SAN91621	DIAGNÓSTICO EPIDEMIOLÓXICO DA ATENCIÓN INICIAL Ó POLITRAUMATISMO PEDIÁTRICO EN GALICIA. POSTA EN MARCHA DUN REXISTRO DE TRAUMA INFANTIL	COMPLEXO HOSPITALARIO JUAN CANALEJO	4.500,00		4.500,00

Aplicación 04.06.432A.781.0

Apelidos, nome	Código	Título	Centro	Subvención concedida		
				2002 (euros)	2003 (euros)	Total concedido
RODRÍGUEZ-ARIAS PALOMO, JOSÉ LUIS	PGIDIT02SAN95201	AVALIACIÓN DE RESULTADOS EN PSICOTERAPIA. ANÁLISES DE VARIABLES SOCIOLOXICAS E CLÍNICAS E ESTUDIO DE SEGUIMIENTO	FUNDACIÓN PÚBLICA HOSPITAL VIRXE DA XUNQUEIRA	12.000,00		12.000,00

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 18 de novembro de 2002 pola que se establecen medidas transitorias e urxentes para facer fronte ás consecuencias do accidente do buque Prestige.

Esta orde ten por obxecto arbitrar medidas transitorias e urxentes para paliar as repercusións máis inmediatas sobre a actividade pesqueira e marisqueira, da contaminación producida polo accidente do buque petroleiro Prestige en augas próximas á Comunidade Autónoma de Galicia.

Ante a prohibición da actividade pesqueira e marisqueira regulada por Resolución do 16 de novembro de 2002 do conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos é preciso adoptar de xeito inmediato medidas que compensen ós armadores, ós tripulantes e ós mariscadores, pola perda dos ingresos previstos.

Todo isto debe facerse compatible con actuacións coordinadas entre consellerías e con procedementos que garantan o mellor uso dos recursos, cunha tramitación áxil que facilite a máxima celeridade na resposta dado o seu carácter de solución anticipada que, en ningún caso, vai impedi-la repercusión dos gastos cara ás entidades e administracións implicadas.

Estas axudas non afectan ás posibles indemnizacións que por danos e perdas puidesen correspondel-las ós afectados

DISPOÑO:**Artigo 1º**

Poderán acollerse ás axudas establecidas nesta orde os armadores, os tripulantes e os mariscadores que, provistos do correspondente permiso de explotación, veñan exercendo a actividade pesqueira e marisqueira, e teñan porto base na zona prohibida, segundo resolucións que, para o caso, dicte o conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos.

Os armadores e tripulantes das embarcacións censadas na modalidade de artes menores e cerco, incluídas no Rexistro de Buques de Pesca, Marisqueo e Acuicultura de Galicia que paralicen a súa actividade deberán deposita-lo rol de despachos na Capitanía Marítima correspondente.

Os tripulantes que non opten polas axudas ás que se refire esta orde e as embarcacións que non desexen para-la súa actividade poderán dedicarse á pesca fóra da zona afectada.

Artigo 2º

O período cuberto por esta orde será desde o día 17 de novembro de 2002 e durante un mes, sen

prexuízo dunha posible modificación, no caso de que as circunstancias o recomenden.

A contía que percibirá cada armador, tripulante ou mariscador durante o período arriba descrito será a seguinte:

* Armadores: (21 euros+ 4,75 euros por TRB) por día de inactividade.

* Tripulante ou mariscador: 30 euros por día de inactividade.

Estas axudas imputaranse ó concepto orzamentario que corresponda e aboaranse de conformidade co procedemento aprobado por resolución do conselleiro de Economía e Facenda do día 15 de novembro de 2002.

Artigo 3º

Para acollerse ás referidas axudas, os afectados deberán presentar unha solicitude dirixida ó conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos, acompañada da seguinte documentación:

1. En tódolos casos:

- Solicitude normalizada do anexo I.
- Declaración xurada (segundo o anexo II).
- Certificación da entidade bancaria que acredite o número de conta do beneficiario para o aboamento da axuda.

2. Ademais, en cada caso particular:

- * No caso dos mariscadores:
 - Fotocopia do DNI.
 - Fotocopia do permiso de explotación en vigor para o ano 2002.
 - Xustificantes de ter realizado vendas en lonxa neste ano.
- * No caso dos tripulantes:
 - Fotocopia do DNI.
 - Copia cotexada da folla da cartilla de navegación onde figure o embarque.
 - Copia cotexada da folla do rol onde figuren os embarques.
- * No caso dos armadores:
 - Fotocopia do DNI ou tarxeta de identificación fiscal no caso de persoas xurídicas.
 - Fotocopia do permiso de explotación en vigor para o ano 2002.
 - Copia cotexada do rol de despachos do buque dos dous meses inmediatamente anteriores á paralización.

-Acreditación de que o rol da embarcación está depositado na Capitanía Marítima.

-Certificación do Rexistro Mercantil acreditativa da propiedade do buque.

Toda a documentación deberá ser presentada antes do 1 de decembro de 2002 nas delegacións territoriais ou comarcais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Calquera variación nas circunstancias declaradas polos beneficiarios destas axudas deberá ser notificada de inmediato.

Artigo 4º

Á vista das solicitudes presentadas, e logo da proposta da Dirección Xeral de Estructuras e Mercados da Pesca, resolverá o conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos.

Artigo 5º

1. Estas axudas serán incompatibles coa realización polo receptor de calquera actividade laboral durante o período establecido.

2. Así mesmo, serán incompatibles coas prestacións ou subsidios que puidesen percibir en concepto de desemprego.

Disposicións transitorias

Primeira.-Tódolos actos de trámite dictados nos expedientes de gasto regulados nesta orde entenderanse condicionados a que, ó dictarse o acordo de compromiso de gasto, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos aqueles actos.

Segunda.-No caso de que as circunstancias varíen no que respecta á extensión das áreas, poderá modificarse a zona afectada, e polo tanto, os portos base nos que os armadores, os tripulantes e os mariscadores terán dereito á percepción das axudas así como as modalidades de pesca implicadas.

Neste suposto, facúltase o director xeral de Estructuras e Mercados da Pesca para dicta-las normas necesarias para amplia-lo alcance desta orde ás novas circunstancias.

Terceira.-Facúltase así mesmo o director xeral de Estructuras e Mercados da Pesca para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2002.

Enrique César López Veiga
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

ANEXO I



CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA FACER FRONTE ÁS CONSECUCIAS DO ACCIDENTE DO BUQUE "PRESTIGE"	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE626A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME			CIF / NIF
DOMICILIO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E na súa representación

APELIDOS		NOME	DNI
DOMICILIO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	

DATOS BANCARIOS

ORDINAL BANCARIO	CÓDIGO DEL BANCO	CÓDIGO DE SUCURSAL	CÓDIGO DE LA CUENTA CORRIENTE
NOME		DOMICILIO (RÚA E NÚMERO)	
POBOACIÓN	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

ARMADOR: _____
 TRIPULANTE: _____
 MARISCADOR: _____

(Marcar só unha opción)

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 18 de novembro de 2002 pola que se establecen medidas transitorias e urxentes para facer fronte ás consecuencias do accidente do buque Prestige.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

ANEXO II

Don/Dona _____ DNI ou NIF _____

(cubrir só unha liña)

-Mariscador da Confraría de: _____

-Tripulante enrolado no buque _____, afiliado da Confraría de: _____

-Armador/representante do buque pesqueiro: _____ afiliado da Confraría de: _____

Solicitantes das axudas previstas na Orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 18 de novembro de 2002, pola que se establecen medidas transitorias urxentes para facer fronte ás consecuencias do accidente do buque "PRESTIGE".

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Primeiro.- Que pretendo permanecer inactivo durante o tempo que perciba as axudas previstas en dita orde. No suposto de que realizase algunha prestación laboral en dito período, comprométo-me á devolución do indebidamente percibido.

Segundo.- Que non pretendo solicita-la prestación ou subsidios por desemprego que puidese corresponderme por dito período. No caso de que se solicitase as ditas prestacións comprometéndome á devolución das axudas indebidamente percibidas.

E para que así conste asino a presente declaración,

_____, ____ de _____ de 2002

Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS**

Resolución do 23 de outubro de 2002, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Pescanova Alimentación, S.A.

Visto o texto do convenio colectivo da empresa *Pescanova Alimentación, S.A.*, con nº de código 3602682, que tivo entrada nesta delegación provincial o día 11-10-2002, subscrito en representación da parte económica pola representación da empresa e da parte social polo comité de empresa, con data do 24-9-2002. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordena-la súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, existente nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 23 de outubro de 2002.

Antonio Coello Bufill
Delegado provincial de Pontevedra

Convenio colectivo da empresa
Pescanova Alimentación, S.A.

Ámbito de aplicación e disposicións xerais

Artigo 1º.-Ámbito territorial.

Este convenio colectivo establece as bases para as relacións laborais entre a empresa *Pescanova Alimentación, S.A.* e os seus traballadores adscritos ó centro de traballo de oficinas centrais, situado en Chapela-Redondela. Queda exceptuado o persoal embarcado e o adscrito á flota.

Os traballadores das delegacións da rede comercial de *Pescanova Alimentación, S.A.* están exceptuados do ámbito de aplicación deste convenio, agás no disposto no artigo 28º sobre xubilación e 29º sobre indemnizacións en caso de morte ou invalidez permanente por causa de accidente.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

Este convenio colectivo comprende a todo o persoal de cadro de persoal nas súas distintas categorías profesionais existente no momento do asinamento,